

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA DESENVOLVER O PROXECTO “CARTA DE SANTIAGO”

Don Román Rodríguez González, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación e Universidade para o que foi nomeado polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro de 2020, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Dona Sandra Ortega Mera, con NIF 32791479-B, en virtude do seu cargo de presidenta da Fundación Paideia Galiza con CIF G-15798655 actuando en nome e representación da dita entidade.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das Entidades que representan teñen conferidas e,

EXPOÑEN

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias en materia de creación e difusión cultural. Dentro dese ámbito de actuacións a consellería vén desenvolvendo unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación e promoción da cultura para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Paideia Galiza consideran de interese público realizar accións conxuntas para desenvolver un proxecto único que conducirá á elaboración da Carta de Santiago.



A Carta de Santiago idéase como un proxecto singular, unha oportunidade única para construír un novo enfoque para a celebración do Xacobeo, que aproveite o efecto tractor do Camiño de Santiago e os seus valores para abordar os grandes retos globais no contexto de crise sanitaria, económica e social que estamos a vivir. Proponse programar un gran evento de reflexión nun contexto de prestixio e visibilidade internacionais, que dea como resultado a publicación da Carta de Santiago, co fin de facer perdurables as súas reflexións e conclusións.

Trátase, polo tanto, dun proxecto de interese e utilidade públicas, tanto na medida en que nel se pretende debater sobre os retos que confronta a cidadanía no futuro inmediato, como no impulso que supón para a visibilidade internacional de Galicia e o prestixio do Camiño de Santiago e da celebración Xacobeá. Persoeiros/as recoñecidos polo seu labor en distintas disciplinas sociais, humanísticas, científicas e tecnolóxicas debaterán sobre o modelo de sociedade que está por vir, e sobre como queremos participar del, desde a democracia, o pragmatismo, a inclusión e a sustentabilidade. O proxecto Carta de Santiago supón unha oportunidade para abandeirar a reflexión sobre eses retos nun contexto, o do Camiño de Santiago e do Xacobeo 21-22, con notoriedade e lexitimidade histórica para facelo.

A Fundación Paideia Galiza, declarada de interese galego, ten como misión promover a igualdade de oportunidades e favorecer o desenvolvemento persoal e social mediante a creación de propostas e proxectos innovadores e sustentables. Desde a súa creación en 1986, a Fundación Paideia Galiza tense constituído como un espazo aberto á reflexión e o debate interdisciplinario para a construción de procesos de investigación-acción. O traballo en rede e a colaboración público-privada ten sido unha clara aposta da Fundación Paideia Galiza desde os seus inicios como fórmula para dar resposta a distintos retos e necesidades da sociedade civil. Desde a propia redacción dos seus estatutos, Fundación Paideia Galiza contempla a cooperación local, nacional e transnacional como un medio para a consecución da súa misión. A colaboración institucional, a investigación interdisciplinaria e a acción-innovación son camiños que marcan o roteiro da Fundación Paideia Galiza.



Actualmente, a actividade da Fundación Paideia Galiza estrutúrase en 5 eixes de traballo: discapacidade e emprego; mocidade e mobilidade; emprendemento; desenvolvemento territorial; e formación e divulgación. A través deste último, a Fundación Paideia Galiza conforma un espazo aberto á cidadanía para a promoción do coñecemento crítico. Mediante o deseño e organización de foros, conferencias, mesas de debate e talleres tense consolidado un eixe de traballo que ten como fin promover un estado de coñecemento e reflexión para afrontar os desafíos que o conxunto da cidadanía imos encarando. É por esta razón que a Fundación Paideia Galiza conta xa cunha rede de contactos, de relacións e de traballo cooperativo con profesionais, pensadores, académicos e creadores de distintos ámbitos de coñecemento desde hai máis de 35 anos. Polas súas actividades pasaron máis de 800 destacados/as profesionais que participaron en xornadas, debates, mesas redondas, foros, actividades de formación...

A envergadura e singularidade deste proxecto requiren dunha profunda colaboración entre as entidades organizadoras. E tal e como se pode comprobar, estímase que existe un encaixe perfecto entre a proposta e a experiencia de Fundación Paideia Galiza na organización de eventos, na vocación polo coñecemento crítico e reflexivo sobre a sociedade e na creación de sólidas redes de colaboración co mundo da academia, a cultura e a empresa que poden dar resposta adecuada a un reto como a organización e elaboración da Carta de Santiago.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Paideia Galiza teñen un interese común e coincidente en posibilitar este gran proxecto, que conducirá á elaboración da Carta de Santiago, aproveitando a celebración do Xacobeo 2021-2022.





Cómpre ter en conta que a celebración de cada Ano Santo ten unha vertente principal de carácter cultural. Esa vertente debe planificarse e desenvolverse dende a Consellería que ten competencias en materia de cultura. O apoio á cultura no marco do Xacobeo 2021-2022 materialízase dende a Consellería con competencias en cultura a través da programación dos equipamentos culturais propios; a través da organización directa de ciclos, programacións e eventos culturais; e a través da colaboración con distintas entidades culturais externas de gran relevancia.

Enténdese que, dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver dentro deste convenio, a Fundación Paideia Galiza é unha entidade única en Galicia que pode garantir a realización con éxito deste gran proxecto, que conducirá á elaboración da Carta de Santiago, xa que conta co coñecemento e cos medios económicos e técnicos necesarios e, ademais, dispón de medios humanos a través do persoal da propia fundación.

Polo exposto, ambas as entidades acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2021, que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións.

É obxecto deste convenio establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e a Fundación Paideia Galiza para a elaboración da Carta de Santiago, un encontro internacional no marco do Xacobeo 21-22, que nace coa vocación de converterse nun gran espazo de reflexión para dar resposta aos desafíos globais que enfrenta a sociedade.

A Carta de Santiago elaborárase tras a realización, coa participación activa de diferentes personalidades de relevancia internacional, das reflexións e das propostas de cambio sobre aspectos da nosa sociedade actual, nos planos cultural, económico, político, ambiental e climático etc., nunha sociedade pos-pandemia.



A carta de Santiago artéllase como un encontro de varios días, a principios do mes de novembro, que contará coa participación de relatores e relatoras de prestixio internacional, especialistas nos diferentes eidos temáticos que tratará o evento, que se estrutura en catro macro-áreas: economía, ciencia, medio ambiente e cidadanía. Das conclusións deste encontro nacerá unha publicación homónima, documento que ademais de recoller as reflexións xeradas, incluírá textos que complementen as conversas e debates ao vivo.

Este encontro ofrece unha oportunidade única en dúas vertentes: por unha banda, para construír un novo enfoque na celebración do Xacobeo e aproveitar o efecto tractor do Camiño de Santiago e os seus valores para encarar os desafíos do noso futuro, nun contexto global pero tamén local. Pola outra, polo impulso que un encontro deste calado supón para a visibilidade internacional de Galicia e o prestixio do Camiño de Santiago e da celebración Xacobeá.

Nun escenario marcado pola crise epidemiolóxica e cheo de incertezas arredor do futuro, Carta de Santiago procura as respostas con persoas expertas e de recoñecido prestixio internacional, destacando que o encontro quere ademais contribuír a ampliar a esfera de relevancia de Compostela, da Cidade da Cultura, do Xacobeo e do propio Camiño, vencellado historicamente a ideais de concordia, diálogo, encontros e celebracións compartidas, espírito compartido con Carta de Santiago.

Carta de Santiago contará cun comité de co-creadores encargado de darlle forma ao programa de contidos e relatores do encontro, formado por persoeiros de diferentes eidos temáticos.

As actuacións que se desenvolverán para a realización do evento serán as seguintes:

- Pre-producción (relatores e comisión de co-creación).
- Producción do evento (producción técnica, escenografía, servizos profesionais, etc).





- Postproducción (creación de contidos).
- Comunicación e plataforma web.

Dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar non é posible promover a concorrência, polas especiais características das actividades e da entidade coa que se convenia.

De acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura para o ano 2021, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- Financiamento.

O custo total estimado das actuacións previstas no convenio ascende a un total de 345.000,00 €.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade contribuirá no desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio coa achega total de 300.000,00 €, para o que existe crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria 10.40.432B.640.0, proxecto 2020 00111.

A Fundación Paideia Galiza aportará o gasto de persoal, medios e loxística necesarios para á xestión das actividades (contacto con participantes, xestión dos desprazamentos e aloxamentos, atendimento en Santiago etc.), que ascenderá a un importe de 45.000,00 €





No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe de 345.000,00 €, a achega da Consellería de Cultura, Educación e Universidade diminuírase proporcionalmente.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actuacións obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

TERCEIRA.- A Fundación Paideia Galiza.

Mediante a sinatura deste convenio, a Fundación Paideia Galiza comprométese a realizar as actuacións necesarias para a elaboración da Carta de Santiago.

O equipo da Fundación Paideia Galiza encargárase de organizar, administrar e xestionar as accións que sexan necesarias para a boa execución do proxecto. No suposto de que a entidade precise contar coa colaboración de medios alleos, pola especificidade ou características técnicas das actividades que se desenvolvan ao abeiro deste convenio, poderá subcontratar a realización daquelas actividades que así o requiran.

A Fundación Paideia Galiza comprométese a realizar as actividades obxecto deste convenio, porén, no suposto de que a situación de excepcionalidade sanitaria e saúde pública producida pola COVID-19 continuase e, a entidade tivera que cambiar a data ou o formato de algunha das actividades contempladas nesta estipulación, as modificacións decidiranse pola comisión de seguemento deste convenio e aprobábase pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A Fundación Paideia Galiza comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren as actividades, tanto impresa como audiovisual, a colaboración da Xunta de Galicia e tamén deberá figurar a marca do Xacobeo Galicia 21-22, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia, que poderán descargar a través do seguinte enlace: <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa>.



De acordo co artigo 38.3 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e co artigo 37.5 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, con anterioridade á sinatura do convenio, será requisito indispensable atoparse ao día no cumprimento das obrigas de presentación das contas do padroado, o cal se acreditará cunha declaración responsable do órgano competente da entidade.

A Fundación deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

CUARTA.- A Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia colaborará nos custos derivados da elaboración da Carta de Santiago. O importe máximo a asumir pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade ascende a 300.000,00 €.

A Xunta de Galicia participará na coordinación técnica e na programación das actuacións contidas no presente convenio, xunto coa Fundación Paideia Galiza, na toma de decisións que afecten ao desenvolvemento das actividades.





QUINTA.- Xustificación dos gastos e pagamento.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A.

Para percibir a cantidade que achega a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a Fundación Paideia Galiza presentará electronicamente, coa data límite do 15 de decembro de 2021, a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - ✓ Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
 - ✓ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
 - ✓ No que respecta aos gastos de persoal a fundación deberá achegar unha certificación do persoal que participa neste proxecto indicando a porcentaxe de implicación neste.
- O borrador da Carta de Santiago.



Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflecta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. A fundación quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

Aos efectos desta xustificación, consideraranse os gastos realizados no ano 2021 a partir da data de sinatura do presente convenio e que respondan á natureza da actividade realizada.

A Fundación Paideia Galiza responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

A Secretaría Xeral de Cultura será o órgano competente encargado de comprobar o cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos. Unha vez comprobada a documentación, o Secretario Xeral de Cultura emitirá certificado ao respecto e tramitarase o correspondente documento contable OK para proceder o seu pagamento.

A Fundación facilitará toda a información que lle requira a Consellería de Cultura, Educación e Universidade así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

QUINTA.- Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno.



A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

SEXTA. Dereitos sobre a información e titularidade dos resultados. Difusión da colaboración das partes.

Os resultados froito deste convenio, tales como dípticos, publicacións e demais material obtido, serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Fundación Paideia Galiza. Os resultados quedarán para futuras edicións e ambas as dúas partes poderán utilizalos nun futuro indistintamente.

A Consellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

En calquera caso a Fundación Paideia Galiza poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do proxecto en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.



Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa así como a marca do Xacobeo Galicia 21-22.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

O uso e a difusión sobre os resultados, publicacións e demais materiais terán carácter gratuïto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

SEXTA.- Vixencia

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2021.

Antes da finalización do prazo previsto nesta cláusula os asinantes do convenio poderán acordar unánimamente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade ou a persoa en quen delegue, e pola presidenta da Fundación Paideia Galiza ou a persoa que designe en substitución.

OITAVA.- Modificación denuncia e rescisión do convenio

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.



O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

NOVENA.- Responsabilidade das actuacións.

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMA. Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Cultura avaliará a realización das actividades obxecto deste convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da da cultura e do Xacobeo.

DÉCIMA PRIMEIRA.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais.

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.



DÉCIMO SEGUNDA.- Administración dixital.

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO TERCEIRA.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.





Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

DÉCIMO CUARTA.- Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@ (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.





Pola Consellería de Cultura, Educación e
Universidade

Pola Fundación Paideia Galiza

Román Rodríguez González

Sandra Ortega Mera

